

A recuperación dos animais

Todos os seres vivos da zona na que se produce unha marea negra son afectados por ela. A súa recollida é fundamental para obter datos dos efectos sobre as poboacións e para tentar recuperar o maior número posible dos afectados.

O estudo dos animais petroleados, en especial das aves, é un indicador da presenza de verquidos no mar.




Adela Leiro
Mon Daporta

As aves

Recollida

A recollida das aves afectadas por unha marea negra debe realizarse seguindo unhas mínimas normas de hixiene e seguridade.



As aves mortas deben recollese e identificarse para evitar que sexan inxeridas por outros animais e para recoller a información sobre as causas da súa morte, as incidencias da marea negra, o estado da especie...

Para recollelas vivas debemos actuar con rapidez e seguridade. A mellor forma de capturalas é cubríndoas cun pano. Logo hai que inmovilizalas e suxeitalle o peteiro para que non fagan dano e para que non inxiran hidrocarburo ao tentar limpase. Por último metelas en caixas, coa debida identificación do lugar e data da recollida, e trasladalas o antes posible a un centro de recuperación. Non se deben alimentar nin debemos tentar limpalas.



-A marea negra do Prestige pode ter afectado ata o momento a máis de 200.000 aves das costas comprendidas entre Portugal e Francia.

As aves máis afectadas son o arao común, a alca, o arao loro, o mascato e o corvo mariño cristado.

Os exemplares que chegan á costa supoñen entre un 10 e un 20 % do total de aves afectadas.



O arao dos cons, unha especie en perigo de extinción en Galicia, da que só quedaban sete parellas reprodutoras (5 nas Illas Sisargas e 2 no Cabo Vilán) está gravemente afectado.

Recuperación

Nos centros de recuperación de aves traballan veterinarios, biólogos ... que lle aplican os tratamentos necesarios para rehabilitalas e devolvelas ao seu hábitat nas mellores condicións posibles.




Recollida



Recepción e aclimatación

Hidratación

Limpeza



Secado



Recuperación



Os mamíferos

Os mamíferos mariños (cetáceos, lontras, focas) resultan moi afectados polas mareas negras e aparacen mortos ou enfermos nas praias ou cambian os seus costumes habituais. É importante recoller os mortos para analízalos e os vivos para tentar recuperalos.



Segundo datos da CEMMA O número de varamentos de cetáceos nas costas galegas cuatuplicouse con respecto aos anos anteriores desde que se produciu a marea negra do Prestige. Desde novembro a marzo contabilizáronse 153 casos.



Foca afectada polo fuel recuperada pola CEMMA nas instalacións do AQUARIUM-GALICIA do Grove.